

## **ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ARTÍSTICA**

### **FEMININA E MASCULINA**

**OURENSE, 11/12/2024**

#### **1. NORMATIVAS AUTONÓMICAS 2025.**

Unha vez realizadas as modificacións oportunas, apróbanse as seguintes normativas, as cales adxuntamos e publicaránse na web da Federación:

- NORMATIVA ESCOLAR XAM.
- NORMATIVA PROMOGYM XAM.
- NORMATIVA ESCOLAR XAF.
- ESPECIFICACIÓNS E DÚBIDAS APLICACIÓN PROGRAMA TÉCNICO ESCOLAR X.A.F.
- NORMATIVA LIGA GALEGA ESCOLAR XAF.
- NORMATIVA XERAL COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS XAF.

Elimínase o Programa técnico autonómico para Base Maiores posto que a normativa nacional de Base XAF para 2025 é totalmente inclusiva.

Inclúese unha táboa de correspondencias de nivel técnico para Base Maiores na Normativa Xeral de Competicións autonómicas de XAF.

Con respecto as clasificacións, para avaliar o posible desdobre nas categorías de Base, acórdase solicitar os clubs unha previsión numérica en xaneiro onde se especifique o nivel no que teñen previsto competir en 2025, ano de nacemento e o nivel no que competiu no 2024.

Dna. Zeltia García indica que de cara a vindeiras tempadas resultará interesante estudar a promoción de determinadas ximnastas dunha tempada a outra para que non se estanquen no mesmo nivel ano tras ano.

#### **2. CALENDARIO 2025.**

Acórdanse as seguintes datas e sedes provisionais, supeditadas a dispoñibilidade de instalación e montaxe polos clubs que a solicitan, para a realización do Cto. Galego de Ximnasia Artística:

- Cpto. Galego de Base X.A.F. + Cpto. Galego de V.O. X.A.F. / V.O., Base e Promogym X.A.M.:
  - o 31 maio-01 Xuño ou 07-08 de Xuño. Sede: A determinar

No caso da Liga Escolar de Artística acórdanse as seguintes datas provisionais que se confirmarán en canto se teña coñecemento dos fins de semana con instalación dispoñible:

- 1ª Fase Liga Escolar: 29-30 marzo/05-06 abril. Sede: A determinar
- 2ª Fase Liga Escolar: 26-27 abril/03-04 maio. Sede: A determinar
- Fase Final Liga Escolar: 31 maio-01 Xuño ou 07-08 de Xuño. Sede: a determinar.

#### **3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS.**

Para avanzar nos obxectivos, datas e proxectos a presentar da tecnificación da próxima tempada acórdase solicitar os clubs da modalidade, a través de correo electrónico, os seus intereses, necesidades e ideas para desenrolar un proxecto que englobe a a totalidade dos ximnastas da modalidade con opcións a tecnificar.